

Nome _____ Data _____



REPASA ESTA INFORMACIÓN.

Durante a infancia e a adolescencia prodúcense grandes cambios no corpo e a mente. Na idade adulta, o noso corpo xa está desenvolvido e preparado para ter fillos e para asumir responsabilidades, como son o traballo e o coidado dunha familia. Na ancianidade, o corpo perde axilidade e resistencia, a pel presenta engurras e o pelo tende a volverse branco.

- 1** Que diferenzas se poden apreciar entre os homes e as mulleres na adolescencia?



- 2** Os dentes cambian ao longo do tempo. Explica este proceso e escribe o nome dos dentes definitivos sinalados no debuxo.



Nome _____ Data _____

■ REPASA ESTA INFORMACIÓN.

A infancia é a etapa da vida que comprende desde o nacemento ata os doce anos. Ao naceren, os meniños necesitan coidados constantes, non teñen os ósos totalmente unidos e carecen de dentes, polo que se alimentan de leite.

Ademais de medrar, durante a infancia apréndense moitas cousas, como andar, falar e relacionarse con outras persoas.

1 Observa as imaxes e contesta.

- Que diferenzas hai entre os nenos que aparecen nas fotografías?

- Cales saben falar e andar? Como aprenderon?

- Cres que os nenos das dúas fotografías teñen amigos? Explica por que.
